

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Escolle cal das seguintes definicións corresponde ao termo "nocello":

- A) Punto onde o antebrazo se articula coa man.
- B) Punto onde o antebrazo se articula co brazo.
- C) Punto onde a perna se articula co pé.
- D) Punto que articula a coxa coa perna.

2. Sinale a opción incorrecta:

- A) Moito te esforzaches en convencerme de que eu o merecía máis
- B) Ti esforzácheste moito en convencerme de que eu merecía
- C) Ti esforzácheste en convencerme, eu merecía moito máis
- D) Ti esforzácheste en convencerme de que eu o merecía

3. Sinale a opción correcta:

- A) Fixo un análise para determinar a dosis de antibiótico que debe tomar para a súa amigdalitis
- B) Fixo un análise para determinar a dosis de antibiótico que debe tomar para a súa amigdalite
- C) Fixo unha análise para determinar a dose de antibiótico que debe tomar para su amigdalitis
- D) Fixo unha análise para determinar a dose de antibiótico que debe tomar para a súa amigdalite

4. Cal das seguintes series é correcta ortograficamente?

- A) abogado, automóbil, rebentar, gravar
- B) avogado, automóbil, rebentar, gravar
- C) avogado, automóvil, rebentar, gravar
- D) abogado, automóvil, rebentar, grabar

5. Cal das seguintes opcións é a correcta?

- A) Cando llelo contou aos amigos non lle deron moito creto
- B) Cando lleslo contou aos amigos non lle deron moito creto
- C) Cando se llo contou aos amigos non lle deron moito creto
- D) Cando llelo contou aos amigos lle deron moito creto

6. Cal das seguintes opcións é correcta ortograficamente?

- A) O xuízo non contribuíu a que saíse á luz a verdade nin decidiu a sorte dos acusados
- B) O xuízo non contribuíu a que saíse á luz a verdade nin decidiu a sorte dós acusados
- C) O xuízo non contribuiu a que saíse a luz a verdade nin decidiu a sorte dos acusados
- D) O xuízo non contribuíu a que saíse á luz a verdade nin decidiu a sorte dos acusados

7. Cal das seguintes palabras pertence, en galego, ao xénero feminino?

- A) Análise
- B) Nariz
- C) Personaxe
- D) Garaxe

8. Sinale a opción correcta: como se denomina ao período de 100 anos?

- A) Século
- B) Siglo
- C) Centuria
- D) As respostas a) e c) son correctas

9. Cal das catro opcións é correcta?

- A) Deixeiche entrar antes porque te vin cara de présa
- B) Deixei te entrar antes porque vinche cara de présa
- C) Te deixei entrar antes porque che vin cara de présa
- D) Deixei te entrar antes porque che vin cara de présa

10. Cal das seguintes non é unha perífrase verbal?

- A) Han estar
- B) Anda dicindo
- C) Coido que
- D) Deben ser

Preguntas de reserva

1. Unha das seguintes palabras é un adverbio de lugar, cal?

- A) Fóra
- B) Fora
- C) Coma
- D) Ningunha das anteriores é correcta

2. Cal das seguintes oracións é a correcta?

- A) Esqueceu asinar o documento de consentimento informado para a ciruxía.
- B) Esqueceu firmar o documento de consentimento informado para a ciruxía.
- C) Esqueceu asinar o documento de consentimento informado para a ciruxía.
- D) Todas as anteriores son correctas.